

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006778	Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0384	Recursos turísticos	2017/2018	0	187	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO ALBERTO ESTÉVEZ RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica os recursos turísticos do territorio e analiza a súa tipoloxía, as súas características e a normativa de protección.
RA2 - Interpreta os conceptos básicos da arte, e caracteriza o patrimonio artístico de España.
RA3 - Identifica o patrimonio sociocultural de España e analiza a súa diversidade.
RA4 - Analiza, caracteriza e interpreta o patrimonio natural e paisaxístico de España como recurso turístico.
RA5 - Interpreta globalmente o patrimonio artístico, sociocultural e histórico, e analiza as estratexias necesarias para a súa aplicación como recurso turístico.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Detectáronse os recursos turísticos máis destacados de cada comunidade autónoma.
CA1.2 Detectáronse os recursos turísticos de Galicia.
CA1.3 Clasificáronse atendendo á tipoloxía e consonte a lexislación.
CA1.4 Determinouse e explicouse o tipo de recurso, atendendo ás súas peculiaridades e á súa singularidade.
CA1.6 Definiuse a protección legal e institucional para cada recurso.
CA1.7 Recoñecéronse os organismos e as institucións para a tutela dos recursos.
CA1.8 Definiuse o proceso de petición para solicitar a declaración dun recurso en relación á súa tipoloxía e ás súas características.
CA1.9 Reuníronse os documentos necesarios para solicitar adecuadamente a catalogación de bens ou recursos.
CA2.1 Identificáronse os aspectos básicos da arte universal.
CA2.2 Detectáronse as principais manifestacións artísticas españolas.
CA2.3 Recoñecéronse prototipos artísticos que constitúen os modelos universais e españois.
CA2.4 Discrimináronse as características técnicas e culturais de cada estilo.
CA2.5 Identificáronse as principais liñas conceptuais da pintura, a escultura e a arquitectura que fundamentan unha cultura.
CA2.6 Recoñecéronse os centros culturais de interese con actividade turística.
CA2.7 Interpretáronse e analizáronse obras de arte de diferentes tipos.
CA3.1 Identificáronse os obxectivos e os elementos clave para clasificar a tipoloxía do patrimonio histórico e cultural.
CA3.3 Identificáronse as cidades españolas Patrimonio da Humanidade, así como outros bens inscritos na lista de Patrimonio Mundial como bens de interese cultural (BIC), e outro tipo de bens clasificados.
CA3.4 Deseñáronse fórmulas para clasificar e interpretar outro tipo de recursos: gastronomía, museos, etnografía, etnoloxía e tradicións.



Criterios de avaliación do currículo
CA3.5 Clasifícanse as festas tradicionais e diferéncianse as de interese turístico internacional e estatal, e as que se celebren nas comunidades autónomas.
CA3.6 Identifícanse os principais museos e centros culturais españois, así como os seus contidos xenéricos.
CA3.7 Recoñeceuse o patrimonio sociocultural máis representativo de cada período histórico de Galicia.
CA3.8 Identifícanse os BIC máis representativos de Galicia.
CA4.1 Identifícanse os obxectivos e os elementos clave para clasificar os tipos de recursos naturais e paisaxísticos.
CA4.2 Clasifícanse os tipos de espazos naturais protexidos e non protexidos (litoral, montaña, espazos húmidos, etc.).
CA4.3 Defíníronse as características da clasificación legal existente.
CA4.4 Propuxéronse métodos para sensibilizar as persoas visitantes e previr conflitos na relación entre turismo e natureza.
CA4.6 Defíníuse a protección legal e institucional do patrimonio natural: organismos e institucións na tutela do patrimonio, acordos e convenios internacionais, e normativa da Unión Europea.
CA5.1 Identifícanse as funcións e o valor da interpretación do patrimonio e dos recursos turísticos.
CA5.2 Identifícanse as fases dunha planificación interpretativa.
CA5.3 Establecéronse os métodos máis adecuados para levar a cabo a interpretación.
CA5.4 Caracterizáronse os sistemas de interpretación en función do tipo de recurso que se explique ou sobre o que se interveña.
CA5.5 Realizouse a planificación interpretativa, segundo o nivel de actuación e en función das fases.
CA5.6 Descríbense as formas de levar a cabo unha interpretación de recursos: itinerarios autoguiados, publicacións interpretativas, sinais e carteis, exhibicións, medios audiovisuais e centros de visitantes.
CA5.7 Defíníronse os métodos de avaliación e control na interpretación.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Identifica os recursos turísticos do territorio e analiza a súa tipoloxía, as súas características e a normativa de protección.
RA2 - Interpreta os conceptos básicos da arte, e caracteriza o patrimonio artístico de España.
RA3 - Identifica o patrimonio sociocultural de España e analiza a súa diversidade.
RA4 - Analiza, caracteriza e interpreta o patrimonio natural e paisaxístico de España como recurso turístico.
RA5 - Interpreta globalmente o patrimonio artístico, sociocultural e histórico, e analiza as estratexias necesarias para a súa aplicación como recurso turístico.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo



Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Detectáronse os recursos turísticos máis destacados de cada comunidade autónoma.
CA1.2 Detectáronse os recursos turísticos de Galicia.
CA1.3 Clasificáronse atendendo á tipoloxía e consonte a lexislación.
CA1.4 Determinouse e explicouse o tipo de recurso, atendendo ás súas peculiaridades e á súa singularidade.
CA1.5 Deseñáronse bases de datos de recursos turísticos por áreas ou zonas que reflectan a tipoloxía dos espazos turísticos en relación cos recursos da zona.
CA1.6 Definiuse a protección legal e institucional para cada recurso.
CA1.7 Recoñecéronse os organismos e as institucións para a tutela dos recursos.
CA1.8 Definiuse o proceso de petición para solicitar a declaración dun recurso en relación á súa tipoloxía e ás súas características.
CA1.9 Reuníronse os documentos necesarios para solicitar adecuadamente a catalogación de bens ou recursos.
CA2.1 Identificáronse os aspectos básicos da arte universal.
CA2.2 Detectáronse as principais manifestacións artísticas españolas.
CA2.3 Recoñecéronse prototipos artísticos que constitúen os modelos universais e españois.
CA2.4 Discrimináronse as características técnicas e culturais de cada estilo.
CA2.5 Identificáronse as principais liñas conceptuais da pintura, a escultura e a arquitectura que fundamentan unha cultura.
CA2.6 Recoñecéronse os centros culturais de interese con actividade turística.
CA2.7 Interpretáronse e analizáronse obras de arte de diferentes tipos.
CA3.1 Identificáronse os obxectivos e os elementos clave para clasificar a tipoloxía do patrimonio histórico e cultural.
CA3.2 Elaboráronse fichas de identificación e descrición dos recursos para clasificar a súa tipoloxía e a súa importancia.
CA3.3 Identificáronse as cidades españolas Patrimonio da Humanidade, así como outros bens inscritos na lista de Patrimonio Mundial como bens de interese cultural (BIC), e outro tipo de bens clasificados.
CA3.4 Deseñáronse fórmulas para clasificar e interpretar outro tipo de recursos: gastronomía, museos, etnografía, etnoloxía e tradicións.
CA3.5 Clasificáronse as festas tradicionais e diferenciáronse as de interese turístico internacional e estatal, e as que se celebren nas comunidades autónomas.
CA3.6 Identificáronse os principais museos e centros culturais españois, así como os seus contidos xenéricos.
CA3.7 Recoñeceuse o patrimonio sociocultural máis representativo de cada período histórico de Galicia.
CA3.8 Identificáronse os BIC máis representativos de Galicia.
CA4.1 Identificáronse os obxectivos e os elementos clave para clasificar os tipos de recursos naturais e paisaxísticos.
CA4.2 Clasificáronse os tipos de espazos naturais protexidos e non protexidos (litoral, montaña, espazos húmidos, etc.).
CA4.4 Propuxéronse métodos para sensibilizar as persoas visitantes e previr conflitos na relación entre turismo e natureza.



Criterios de avaliación do currículo

CA4.5 Utilizáronse os sistemas de información xeográfica como ferramenta de planificación e uso turístico dos recursos naturais.

CA4.6 Definiuse a protección legal e institucional do patrimonio natural: organismos e institucións na tutela do patrimonio, acordos e convenios internacionais, e normativa da Unión Europea.

CA5.1 Identificáronse as funcións e o valor da interpretación do patrimonio e dos recursos turísticos.

CA5.2 Identificáronse as fases dunha planificación interpretativa.

CA5.3 Establecéronse os métodos máis adecuados para levar a cabo a interpretación.

CA5.4 Caracterizáronse os sistemas de interpretación en función do tipo de recurso que se explique ou sobre o que se interveña.

CA5.5 Realizouse a planificación interpretativa, segundo o nivel de actuación e en función das fases.

CA5.6 Descríbense as formas de levar a cabo unha interpretación de recursos: itinerarios autoguiados, publicacións interpretativas, sinais e carteis, exhibicións, medios audiovisuais e centros de visitantes.

CA5.8 Deseñáronse os correspondentes cuestionarios de satisfacción.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles:

Introducción aos termos de recursos turísticos e patrimonio turístico

Factores de localización dos recursos turísticos

Clasificación dos recursos turísticos

Valoración dos recursos turísticos

Catalogación dos recursos turísticos

Clasificación funcional dos recurso turísticos

Categorías dos recursos turísticos

Tipoloxías dos recursos turísticos

Inventarios e/ou manuais dos recursos turísticos

Fichas de recursos turísticos

A arte na prehistoria e idade antiga na península:

- A arqueoloxía

- A arte rupestre

- Petroglifos

- O paleolítico: Os cantos tallados

- O neolítico:

- O asentamento e a idade dos metais

- Monumentos funerarios túmulos, mamoas e dolmens .

- A Cerámica

- Ídolos antropomorfos

- Os petroglifos

- A riqueza mineira galega

- A ourivería



- Os pobos prerromanos, primeiros colonizadores:
 - A cultura castrexa: Territorio, poboados, elementos defensivos, arquitectura doméstica, Deuses e divindades e a arte castrexa, os castros
- A conquista romana e o proceso da romanización:
 - Urbanismo, arquitectura e inxeniería
 - As vías: terrestres, marítimas e fluviais
 - As civitates, os populi e o control militar e murallas .
 - Faros, portos, miliarios e pontes
 - As explotacións mineiras
- A cristianización:
 - O priscilianismo
 - O arte paleocristiano
 - O mosaico
 - A pintura
 - A escultura
- A Hispania visigoda e caída do imperio romano:
 - A arquitectura prerrománica
 - Arquitectura mozárabe
 - O mundo suévico e o mundo funerario
- A formación e evolución de Al-Ándalus:
 - O legado cultural musulmán mudexar
 - As expedicións dos musulmáns
 - O sepulcro do apóstolo
 - A villa coma territorio organizado
- Os reinos cristianos
 - O Reino de Galicia
 - Pintura, arquitectura e escultura románica
 - A arte no camiño de Santiago, as catedrais galegas
 - Santiago de Compostela
 - A escola de Mateo
- A Baixa Idade Media e as manifestacións artísticas
 - O cister e a arte monacal
 - A Galicia monástica
 - As novas fronteiras
 - As cidades, burgos e vilas
 - As fortificacións defensivas
 - O camiño e camiños
 - O viñedo e o viño
 - A escultura e pintura góticas, o arte das catedrais
 - A vida intramuros
 - O campesiñado feudal
 - O fortalecemento da igrexa
 - A aristocracia e a linaxe
 - As Ordes Militares
 - A burguesía
 - A revolta irmandiña



- Os reis católicos
 - Fames e epidemias
 - Ataques piratas e as fortificacións
 - Descubremento e conquista de Hispanoamérica
 - Introducción de novos cultivos, os horreos, a pataca
 - A arte do renacemento e platetresco na arquitectura e escultura
 - Importancia do sector pesqueiro, os asteleiros
 - Ampliación do comercio marítimo
 - O papel dos xudeos en Galicia, as sinagogas e xuderías
 - Presenza catalá no sector pesqueiro
 - Fábricas de salmoira na pesca e curtidos no textí
 - Os artesáns e os gremios
 - Arquitectura das ordes mendicantes
 - A Universidade e a arte renacentista
- A España imperial
 - A hidalguización da sociedade
 - A arquitectura e urbanismo, as prazas maiores, grandes mosteiros
 - A xenealoxía e a heráldica
 - A crise do S.XVII e o legado cultural do século de ouro
 - O manierismo, orfebrería e forxa, as campás
 - O poder dos estamentos privilexiados: igrexa, nobreza e fidalguía
 - Os pazos os seus espazos e moradores
 - As parroquias e as aldeas coma contexto comunitario
 - A vivenda e tipoloxías
 - As sete cidades cabezas de provincia
 - A dinastía Borbón
 - A nova administración territorial, expulsión dos xesuitas
 - A ilustración do século das luces
 - A arquitectura, escultura, pintura e urbanismo barrocos
 - O barroco galego: arquitectura, escultura, talla, orfebrería, pintura
 - A prata e Compostela
 - A sociedade profana e relixiosa galega
 - Santiago e América: toponimia e mito
- O liberalista e constitucionalismo, a consolidación dun estado liberal:
 - A emigración e a cultura, arquitectura de Indianos
 - A literatura clandestina
 - A invasión francesa e a resistencia galega
 - Galicia e as cortes
 - O novo liberalismo, os levantamentos e a represión xeralizada co exilio
 - As catro provincias
 - O neoclasicismo
- A Belle Epoque e o termalismo
- A restauración da dinastía Borbónica
 - As guerras coloniais e a crise do 98
 - O impresionismo e romanticismo das artes



- O foro e o minifundio
- A reforma da igrexa e a desamortización
- O galeguismo
- Do provincianismo ao Rexurdimento
- O xornalismo galego
- A industrialización e as transformacións culturais
 - O modernismo, as últimas vangardas e as artes plásticas
 - O reinado de Alfonso XIII e o camiño cara a República
 - Do rexionalismo ó nacionalismo galego
 - As irmandades da fala e a contribución cultural
 - O agrarismo e a unión campesiña
 - Transformación da sociedade: ferrocarril, correos e telégrafos, rede de estradas, luz eléctrica
 - A arte abstracta
 - A segunda república e as realizacións culturais
 - Autonomía galega e partido galeguista
 - A industria da conserva e estaleiros
 - A guerra civil, a dictadura e represión franquista
 - A emigración a Europa e a outras zonas do estado
 - Novos sectores industriais en Galicia: a produción hidroeléctrica e o conxelado e conserva
- España hoxe a creatividade contemporánea
 - A autonomía
 - Recuperación e posta en valor dos recursos histórico artísticos galegos
 - Novos usos turísticos ao legado histórico artístico
 - Apoio institucional a esta posta en valor
 - Rede de Museos
 - Mellora das infraestructuras e servizos turísticos
 - Formación de profesionais do sector altamente cualificados
 - Artistas galegos recoñecidos a nivel mundial
- Análise e interpretación dunha obra de arte
 - Análise histórico
 - Análise técnico
- Conceptos básicos relacionados co patrimonio cultural e os bens patrimoniais en España e Galicia
 - Historiografía do patrimonio cultural
 - Tipoloxía do patrimonio cultural:
 - Museos e coleccións
 - Festas e declaracións de interese turístico
 - Enoloxía
 - Patrimonio inmaterial: música, danza, tradicións, lendas, rituais e outras manifestacións
 - Etnografía
 - Artesanía
 - Paisaxes e territorios
 - Rutas e itinerarios
 - Arquitectura defensiva e militar
 - Arquitectura civil
 - Arquitectura relixiosa



- Políticas públicas e privadas: investigar, protexer, conservar e divulgar o patrimonio
 - A economía do patrimonio: explotación e xestión de produtos patrimoniais
 - Financiación dos proxectos e clasificación das fontes e formas: iniciativa pública e privada
 - Beneficios directos, indirectos e inducidos das inversións en patrimonio
 - Desenrolo local endógeno
 - Patrimonio, turismo e desenrolo sostible
 - Sensibilización sobre os riscos: naturais, emerxencias creadas polo home
- Patrimonio da Humanidade:
 - Concepto
 - Tipoloxías e categorías
 - Órganos de goberno e traballo dos organismos asesores : ICCROM, ICOMOS, UICN
 - Proceso de candidaturas e nominación dos sitios: requisitos e estrutura do expediente
 - Directrices prácticas
 - Lista de Patrimonio Mundial UNESCO
 - Sitos de Valor Universal Excepcional
 - Proxectos europeos Patrimonio Europeo e bens españois e galegos declarados
- Identificación e análise do patrimonio cultural de Galicia
 - Os Bens de Interese Cultural (BIC) e a súa situación actual
 - Itinerarios culturais Europeos
- ¿- Concepto de recursos naturais e paisaxísticos
 - Normativa estatal e autonóma
 - Espazos naturais protexidos e a súa normativa no estado español: parques nacionais
 - Espazos naturais protexidos mas destacados en Galicia
 - Programas europeos e estatais, e outras axudas destinada ao aproveitamento turístico destes bens
 - Novas tecnoloxías para detectar e localizar os espazos: programas de cartografía
 - Medidas para manter o medio: turismo sostible
 - Tipoloxías e características dos principais recursos turísticos asociados á natureza en España e Galicia:
 - Neve
 - Sol e praia
 - Auga (ríos, embalses...)
 - Náutica
 - Mergullo
 - Termal
 - Deportivo
 - Aventura e risco
 - Fauna
 - Flora
- Interpretación do patrimonio:
 - Fundamentos conceptos básicos da interpretación do patrimonio
 - Metodoloxía para a elaboración de plans de interpretación do patrimonio
 - Recoñecemento dos valores do patrimonio e territorio
 - Carta Europea de Turismo Sostible
 - Como facer una comunicación eficaz
 - Interpretación do patrimonio para todos: persoas con dificultades
 - Procesos da interpretación do patrimonio aplicado a recursos turísticos



- Estratexias de comunicación e divulgación do patrimonio
- Estratexias de interpretación e desenvolvemento
- Técnicas e ferramentas para a planificación e a planificación
- Suxestións para a interpretación
- Metodoloxía para a elaboración de proxectos territoriais interpretativos do patrimonio
- Ocio cultural
- Deseño de métodos de avaliación e control dos sistemas de interpretación . Salvagarda e control do patrimonio nos programas de interpretación
- Sensibilización e interpretación do patrimonio
- Xestión da valoración do axeitado nivel de calidade
- Innovación creativa e tecnolóxica na interpretación do patrimonio
- Cartografía temática
- Señalética e publicacións interpretativas, sinais, carteis, exhibicións, medios audiovisuais e centros de visitantes

Criterios de cualificación:

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros e redondeada á unidade máis próxima.

No caso de persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a cualificación máxima será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Proba escrita na que se plantexarán cuestións pechadas a través dun test e/ou outras nas que o alumno deberá responder de xeito aberto a diferentes cuestións relacionadas cos contidos mínimos exigibles. Serán proporcionados ambos cuestionarios ao alumno, que deberá resolvelos utilizando bolígrafo de cor azul ou negro.

Esta primeira parte terá carácter obrigatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. A proba calificarase de cero a dez puntos e para a súa superación deberase obter unha puntuación igual o superior a cinco puntos.

4.b) Segunda parte da proba

Plantexaranse problemas e/ou diferentes supostos prácticos relacionados cos contidos mínimos do módulo de protocolo e relacións públicas, que o alumno deberá resolver utilizando os seus coñecementos da materia. Nunha folla impresa, presentaránse aos alumnos diferentes situacións concretas que deberán solucionar utilizando un bolígrafo azul ou negro.

Esta parte terá carácter obrigatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. A proba calificarase de cero a dez puntos e para a súa superación deberase obter unha puntuación igual o superior a cinco puntos.